

ANEXO 1

EQUIPAMENTO INTERPRETATIVO: EXPOSICIÓN PERMANENTE. MEDIO URBANO.

Consideracións previas

O equipamento do Centro ha de constituir un foco de atracción para a veciñanza de Compostela e para visitantes de outras procedencias, que han de atopar nel unha forma diferente de entretemento a partir da cal obteñan claves ambientais para entender o funcionamento da cidade e a interacción desta co seu contorno; ha de ter asimesmo un carácter motivador de cara a un mellor coñecemento de Compostela e a unha maior participación na prevención e resolución dos problemas ambientais. Posto que o seu destino é o gran público, no deseño haberán de considerarse as necesidades deste tanto como os contidos que se pretenden transmitir.

Variadas foron as vías (a flora e a fauna nas cidade, as formas de construción, os fluxos de materia e enerxía,...) polas que se veu pretendendo transmitir a mensaxe da necesidade de dispor de cidades como hábitats adecuados para o desenvolvemento da vida do ser humano. Hoxe predomina a concepción da cidade como sistema ou ecosistema, é dicir, como conxunto de elementos, bióticos e abióticos, en interacción a través dun fluxo de materia e enerxía. E é esta a perspectiva adoptada para o planeamento da área de interpretación do medio urbano do Centro.

A eficiencia do equipamento vai depender de moitos factores, e, en boa medida, da capacidade de interacción co público, entendida esta non como unha mera intervención física ("presionar un botón" senón como unha invitación á participación cognoscitiva e actitudinal.

Os apontamentos que siguen constitúen unha primeira aproximación ó que poderían ser os contidos temáticos, así como algúns exemplos do equipamento interpretativo susceptible de transmitilos. É obvio que ainda non se ten feito a necesaria revisión documental, polo que poden existir errores teóricos nos primeiros; e, a respecto dos segundos, cabe sinalar a posibilidade de seren substituídos por outros que nunha segunda revisión se manifesten como más interesantes.

As unidades temáticas seleccionadas son as seguintes:

- 1.-Orixe e evolución da cidade
- 2.-A cidade, consumidora de enerxía
- 3.-A cidade, consumidora de auga
- 4.-A cidade, intermediaria de produtos e servicios
- 5.-A cidade, productora de materiais elaborados
- 6.-A cidade, exportadora de residuos
- 7.-A comunicación dentro da cidade e da cidade co exterior
- 8.-Interaccións da cidade co seu entorno
- 9.-A calidade de vida na cidade
- 10.-Santiago, cidade de Galicia e de Europa.

CONTIDOS

1.-ORIXE E EVOLUCIÓN DA CIDADE

Temas:

Os factores físicos (auga, relevo, clima, materias primas,...) condicionantes das edificacións.

Idade Media: a cidade intramurallas. A Catedral, nó vertebrador do urbanismo.
As portas da muralla: comunicación cos barrios e co exterior.

As peregrinacións e a Universidade.

O século XIX: derrubo da muralla, creación da Alameda e apertura da cidade cara esta. Conservación do casco vello. A "industria": curtidurías.

O século XX: as casas da Rosaleda e o ensanche. Os polígonos

1980: Santiago, capital de Galicia.

O crecemento urbanístico de Compostela. As zonas verdes.

Deseño:

Cristal no chan, sobre representación ou fotografía de castro: os antigos poboamentos de Compostela.

Panel (ou ordenador) con debuxos e algúns datos :

Compostela, antes do descubrimento do sepulcro.

Compostela, século IX: pequena igrexa, tendas e algúns edificios. Rúas, murallas, torres.

1032 ou antes: barrios fóra da muralla. A Catedral comeza en 1074. O Arcebispo Xelmírez. 1182: o primeiro xubileo. Compostela, cidade cosmopolita: mercaderes chegados de todas partes. 10 igrexas, muralla de 7 portas.

A Universidade

1483: a primeira imprenta de Galicia

Século XVII: con 20000 habitantes, Santiago é a única cidade galega cunha certa entidade. 5 ou 6 obradoiros de imprenta.

1800: primeiro xornal galego: "Catón compostelano"

Século XIX: derrubo da muralla e apertura da cidade cara a Alameda

Século XX: conexión de Conxo e Enfesta. Construcción das casas da Rosaleda e o Ensanche. Aumento do número de universitarios: 30000 a principios dos 90.

1980: Santiago, capital de Galicia

Crecemento da cidade: cara Vigo, A Estrada, Ourense e Noia. (Sur). Solo industrial cara Coruña (zona norte).

Paneis para se fotografiar como:

Arcebispo Xelmírez, trovador Xohan Airas (s XIII), universitario/a dos anos 60, suxeto de auto de fe (1575)...

Información informatizada ampla sobre:

Historia da cidade, historia das peregrinacións, historia da universidade. Datos de xeografía urbana: evolución da poboación, ocupación da poboación por sectores,...da área de interpretación do medio urbano do Centro.

2.-A CIDADE, CONSUMIDORA DE ENERXÍA

Temas:

O consumo de enerxía metabólica: os alimentos. Mercados, tendas e grandes superficies comerciais.

O consumo de enerxía extrasomática, subsidiaria para distintas funcións: leña e carbón, electricidade (combustibles fósiles, hidroeléctrica, eólica,...), gas natural, derivados do petróleo: fuel, gasóleo, gasolina,...

O consumo enerxético por sectores. A necesidade da súa reducción e os métodos para conseguila.

Deseño:

Panel con consumo de calorías/día polos habitantes da cidade, consumo aproximado en patacas, pan,...; aceites; lácteos, carnes e peixe.

Representación en 3 dimensións de monstro devorador de petróleo que bota poratrás fumes (indicado: monóxido e dióxido de carbono, óxidos de nitróxeno, dióxido de xofre,...)

Panel con algún exemplo de cidade no que se reducira o consumo de enerxía en algún sector e convidar ó mesmo en Santiago.

Comparar en kwh, pesetas e contaminación os diferentes consumos de frigoríficos, calefacción en vivendas ben e mal ailladas...

3.-A CIDADE, CONSUMIDORA DE AUGA

Temas:

Usos da auga na cidade: antes (consumo directo -as fontes-, lavadoiros, baño nos ríos, industria (muíños, curtidurías), electricidade, regadio,... e agora.

Abastecemento: Captación e potabilización. Distribución e consumo. Rede de alcantarillado. Depuración e incorporación ó Sar.

A importancia de reducir o consumo de auga.

Deseño:

10 ou 15 caldeiros de 10 litros cada un para representar o consumo diario de auga por persoa en Santiago.

Artefacto para simular a captación-potabilización, distribución e consumo, depuración e incorporación ó Sar.

¿Canto custa a auga? Moedas para representar o gasto diario da cidade.

Panel con usos da auga na cidade: fotos antigas e actuais

Plano do Corcello e localización nel -con luces- de actividades pasadas e actuais que requerian auga en abondancia: muiños, antiga produción de electricidade e industria -de antes (curtidurias,...) e de agora-.

4.- A CIDADE, INTERMEDIARIA de PRODUCTOS E SERVICIOS

Temas:

Os intercambios comerciais:

A feira do gando

Pedra de construción ou ornamentación, cemento, madeira, ferro (forxados de Sargadelos)

Universidade) Electrodomésticos, plásticos, papel (servicios administrativos e

Material para reprografía e fotografía.

Xoguetes, tabaco, textiles,....

Ferreterías

Os servicios: notarias, avogados, rexistros, arquivos, xuzgados, ...

Deseño:

Panel con fotos dos distintos sitios onde se celebrou a feira do gando

Reproducción tridimensional -maniquís incluídos- dunha tenda tradicional (ultramariños) cos produtos que nela se vendían. Fotos de tendas actuais.

Reproducción de documentos antigos

5.-A CIDADE, PRODUCTORA DE MATERIAIS ELABORADOS

Temas:

- Paraugas
- Chocolates
- Libros, revistas e xornais
- Postres
- Imaxinería
- Artesanía ("D.Quijote")
- Televés
- Aglomerados,
- ...

Deseño:

Exposición de obxectos que se producen na cidade: paraugas, chocolates, periódico, orfebrería,...

6.-A CIDADE, EXPORTADORA DE RESIDUOS

Temas:

Residuos gaseosos: dióxido de carbono, óxidos de nitróxeno,...

Residuos líquidos: augas residuais (urbanas e industriais)

Residuos sólidos: materiais de construcción
residuos clínicos

residuos domiciliarios: materia orgánica, papel-cartón, textil,
residuos tóxicos e perigosos (pilas e outros), voluminosos,...

Deseño:

Artefacto con: calendario, volante de automóbil para xirar ata que apareza a producción diaria que se recolle: 14 camións de basura en masa, más pequeno camión de recollida de papel-cartón, más camión de recollida de vidro, más camión de voluminosos, más camión de escombros, más caixa de pilas.

*A recollida selectiva no Concello: fraccións do lixo urbano en tres dimensións.
Materiais reducibles, reutilizables, reciclables (recíclanse ou non) e non reciclables.*

Alcantarilla por onde se poida meter unha persoa

7.-A COMUNICACIÓN DENTRO DA CIDADE E DA CIDADE CO EXTERIOR

Temas:

Telefonía, radio, televisión, Reemisores

A mobilidade:

A mobilidade dentro da cidade. Os transportes colectivos

As relacións co exterior:

coa área de influencia directa de Compostela: transporte periférico.

relacións con outras cidades: aeroporto, tren, estradas.

Deseño:

Comparación: Número de automóveis que transportan o mesmo número de persoas que van nun autobús; contaminación nun e noutro caso.

8.-INTERACCIÓN DA CIDADE CO SEU CONTORNO

Temas:

O mercado de gando, a praza de abastos.

A captación da auga do Tambre, a contaminación da auga do Sar.

As ofertas de ocio: festas e celebracións, pubs, concertos, cines, museos, exposicións,...

Os usos do solo: industrial (polígono do Tambre)

residencial: estradas a Vigo, Noia, a Estrada.
Urbanizacións noutros concellos, directamente vinculadas á cidade: Os Tilos
(Teo), Milladoiro (Ames), Sigueiro,...

Concentracións parcelarias e invasión de vivendas urbanas no rural periférico de
Compostela

Deseño:

Fotografía aérea de Santiago e arredores.

9.-A CALIDADE DE VIDA NA CIDADE

Temas:

Calidade do aire e da auga, niveis de ruído, perigos naturais (enxentes do Sar), tratamento dos residuos,...

As vivendas: accesibilidade a elas, servicios sanitarios, confort.

Acceso e garantía de emprego

Servicios educativos, sanitarios, de ocio, culturais, comerciais, de transporte,...

Paisaxe urbana.

Zonas verdes

Cintos verdes: Chaián, O Pedroso.

Santiago, cidade cultural europea 2000.

Deseño:

Sonidos na cidade (taladro neumático, tráfico, discoteca, pub, biblioteca, auga, paxaro, manifestacións de protesta,...) e medidor de decibelios.

Olores na cidade: tilleiras da alameda, bieiteiros, pastelerías, Finsa,...

Fotografía "iluminada" de xardins de Compostela. Ordenador con información de cada unha delas

10.-SANTIAGO, CIDADE DE GALICIA E DE EUROPA

Temas:

Santiago, no eixo Vigo-Pontevedra-Coruña-Ferrol, equidistante de Lugo e Ourense

Áreas de influencia a través de:

mercado de gando

universidade

hospital xeral de Galicia

Iglesia

transporte aéreo (emigración europea)

televisión?

Administración autonómica

A fala: compendio das falas galegas.

Códice Calixtino: "Santiago, a más excelsa das cidades de España"

Idade Moderna: Santiago, a principal cidade galega

Actualidade:

Congresos: galegos, internacionais.

Santiago, Patrimonio da Humanidade

Camiño de Santiago: primeiro itinerario cultural europeo

Santiago capital cultural europea do 2000

Santiago, asinante da Carta de Aalborg.

Deseño:

Audiovisual

Consideracións finais

- a) Mientras non se deseñe un edificio para o Centro, no existente debería existir algún artefacto que funcionase con placas solares e algún exemplo de arquitectura bioclimática.

ANEXO 2

EQUIPAMENTO INTERPRETATIVO: EXPOSICIÓN PERMANENTE. O MEDIO NATURAL.

Santiago de Compostela é unha cidade, coma case tódalas cidades interiores de Galicia, cunha grande área urbanizada, con parques e xardíns e rodeada dunha zona rural composta por edificacións máis baixas, cultivos, prados e montes que en conxunto fornán unha pequena rede de espacios verdes e naturais que sirven de acubilloe habitat a variadas especies de plantas e animais.

O ECOSISTEMA URBANO

Fora das especies rupicolas a fauna e flora evolucionan nun medio onde a vexetación xoga un papel fundamental; seu grado de conservación determina a presencia ou ausencia de especies.

No centro das cidades ou na periferia a dotación no espacio de diferentes elementos artificiais constituen paisaxes variados e medis compostos (parques, xardíns, campos de deportes...) cuias posibilidades de acubillo son diferentes para a fauna. Pero pese a esta heteroxeneidade pódese definir unha sucesión de hábitats no interior dos cales o número de especies varia dunha cidade a outra en función dos seus parámetros e os seus microclimas.

1.- BIOTOPOS

- a) O microclima

2.- OS MEDIOS

- a) O centro da cidade
- b) Os barrios
- c) A zona rural

A FAUNA

ADAPTACION DAS AVES OS BIOTOPOS URBANOS

- 1.-Diversidade das poboacións de aves no interior das cidades.
- 2.-Estructura da poboación das aves urbanas
 - a) Repartición de especies segundo o seu réxime alimenticio
 - b) As zonas de alimentación

HISTORIA DO POBOAMENTO DAS CIDADES POLAS AVES

AS AVES E A ACTIVIDADE HUMANA

- 1.- As especies "problemáticas"
- 2.- As aves e o transporte aéreo
- 3.- As aves e as liñas eléctricas e telefónicas

A OUTRA FAUNA URBANA

- 1.- Invertebrados
- 2.- Anfibiós e réptiles
- 3.- Mamíferos

A COMUNIDADE VEXETAL

- 1.- Flora autoctona
- 2.- Flora ornamental
- 3.- As plantas rupícolas

PATRIMONIO CULTURAL . PATRIMONIO NATURAL

UNHA CATEDRAL VIVA

A FAUNA E FLORA DA CATEDRAL